

21/795 SUBVENCIÓN NOMINATIVA A CRUZ ROJA ESPAÑOLA (Q2866001G) PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS “PISO DE ACOLLIDA E ACTUACIÓN ESPECÍFICAS A PERSOAS SEN FOGAR” (ORZMENTO ANO 2023.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Xefa de Sección de Benestar Social e da Técnica adscrita ao Servizo de Benestar Social do 23 de outubro de 2023, conformado pola tenenta de alcaldesa da área respectiva, na parte expositiva do cal se fai constar:

Visto.-

1º O artigo 14.2 da Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións do Excmo. Concello de Lugo establece que *“poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento Xeral Municipal, de acordo co procedemento regulado nesta ordenanza”*.

2º A base 24 de execución do Orzamento xeral municipal do Concello de Lugo na cal figura nominativamente a previsión de subvencións por un importe total de 300.500€ con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900 RC 4509 a favor de distintas entidades entre as cales se atopa Cruz Roja Española co seguinte detalle:

ENTIDADE	CIF	PROXECTO	CONTIA
Cruz Roja Española	Q-2866001G	-Proxecto mantemento do piso destinado á acollida temporal de persoas sen fogar: 6.500€ -Programa Acompañámoste: 10.000€ -Proxecto de actuacións específicas no albergue de transeúntes e persoas sen fogar.. 83.500€	80.000,00€

3º No capítulo II do Título II da Ordenanza municipal de subvencións regúlase o procedemento de concesión directa de subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal no que se esixe a elaboración e aprobación dun convenio a través do cal se establecerán as condicións, requisitos e compromisos das partes.

4º Dende os Servizos Sociais solicitouse de oficio á entidade relacionada nas bases de execución a presentación da documentación precisa para a tramitación do correspondente convenio a cal obra no expediente tramitado ao efecto.

5º Os programas que presenta a entidade CRUZ ROJA ESPAÑOLA, **teñen un interese público e social que complementa a actividade exercida polos servizos sociais municipais**, segundo establece o texto do convenio que se transcribe a continuación:

“O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para a financiación parcial do antedito proxecto por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (BOE número 312, do luns 30 de decembro de 2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller”.

6º- Xustificación da adxudicación directa a través de subvención nominativa:

Xustifícase a elección do procedemento de adxudicación directa mediante unha subvención nominativa, posto que Cruz Roja Española é unha institución humanitaria de carácter voluntario e de interese público que leva desenvolvendo dende o ano 2003 o “Programa sen teito” en Galicia.

No Concello de Lugo conta cunha experiencia única e exclusiva na atención a este colectivo na nosa cidade xa que é a única entidade que posúe os equipamentos axeitados para atención sen teito (local do proxecto sen teito) así como persoal cualificado na atención a persoas sen teito xa que conta con dispositivos móbiles (Unidades de emerxencia social UES), que semanalmente realizan o seu itinerario nas distintas zonas nas que se atopan as persoas sen fogar.

7º En relación ao “Programa Acompañámoste”, cunha achega de 10.000€, infórmase que non se vai tramitar como subvención nominativa posto que se está executando a través dun contrato.

En canto ao proxecto de “actuacións específicas no albergue de transeúntes e persoas en fogar” as actuacións no albergue de transeúntes non se van executar. Tendo en conta que o orzamento previsto para estas actuacións era de 10.000€, procede adxudicar a subvención para as actuacións de persoas sen fogar por importe de 73.500 € descontados 10.000€ previstos para o proxecto de actuacións no albergue de transeúntes.

8º A existencia de consignación na aplicación orzamentaria 23179.48900 pola contía de 300.500,00€ RC 4509, retención de crédito suficiente para poder adxudicar a contía de 80.000,00 €.

9º Os informes favorables do servizo de fomento e de asesoría xurídica obrantes no expediente.

10º O informe de fiscalización de intervención nº 2023/1575 do 11/10/23 que fiscaliza o procedemento favorable.

11º Resulta competente para a súa adxudicación a Xunta de Goberno Local, de conformidade co establecido no acordo da Xunta de Goberno Local 40/607, do 26 de xullo de 2023 polo que se reserva no punto m) a aprobación dos convenios reguladores das subvencións nominativas.

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobación a autorización e disposición do gasto en concepto de subvención nominativa con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900 (RC 4509/2023) e dacordo co detalle da seguinte táboa:

ENTIDADE	CIF	PROXECTO	CONTIA
CRUZ ROJA ESPAÑOLA.	Q2866001G	-Programas vinculados á xestión do piso do piso destinado á acollida temporal de persoas sen fogar 6.500 €. -Proxecto actuacións específicas transeúntes e persoas sen fogar 73.500* €	80.000€

SEGUNDO.- Aprobación o texto do convenio de concesión de subvención nominativa que é do seguinte teor literal:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E CRUZ ROJA ESPAÑOLA CON CIF Q2866001G PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NO VIXENTE ORZAMENTO MUNICIPAL PARA GASTOS DERIVADOS DO DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS: MANTEMENTO DO PISO DESTINADO Á ACOLLIDA TEMPORAL DE PERSOAS SEN FOGAR (6.500€) E PROXECTO DE ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS NO ALBERGUE DE TRANSEÚNTES E PERSOAS SEN FOGAR.. (73.500€).-

REUNIDOS

Dunha banda, D^a **ANA MARIA GONZALEZ ABELLEIRA** actuando en nome do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de **Tenenta de Alcaldesa delegada da Área de Cohesión Social**

E doutra banda, **Don Luis Abelleira Mayor** con NIF ***1252** na súa calidade de representante legal da **CRUZ ROJA ESPAÑOLA** con CIF. Q2866001G

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refº: ispac8801313674913930687.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-10-2023

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercizo das facultades que para asinar convenios en nome das entidades que representan, teñen conferidas

MANIFESTAN

I-Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II-Que a dita entidade presenta o proxecto 2023: MANTEMENTO DO PISO DESTINADO Á ACOLLIDA TEMPORAL DE PERSOAS SEN FOGAR (6.500€) E PROXECTO DE ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS PARA PERSOAS SEN FOGAR (73.500€) e solicita subvención para sufragar os gastos derivados de dito proxecto que o Concello considera de marcado interese municipal e acorde cos principios xerais dos servizos sociais.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA-Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para a financiación parcial do antedito proxecto por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello no artigo 27.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (BOE número 312, do luns 30 de decembro de 2013), o cal establece que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

SEGUNDA-Compromisos das partes.

O Concello de Lugo comprométese a achegar, como máximo, a cantidade de 80.000,00 € para a financiación parcial das actividades obxecto deste convenio

-Proxecto mantemento do piso destinado á acollida temporal de persoas sen fogar: 6.500€.

-Proxecto de actuacións específicas no albergue de transeúntes e persoas sen fogar: 73.500€.

CRUZ ROJA ESPAÑOLA comprométese a:

-Colaborar co Concello no desenvolvemento dos servizos sociais.

-Realizar os proxectos: mantemento do piso destinado á acollida temporal de persoas sen fogar e actuacións específicas coas persoas sen fogar.

A)-PISO DE ACOLLIDA PARA PERSOAS SEN FOGAR. PISO DE TRANSICIÓN.
IMPORTE: 6.500.€

Este servizo comezou o 18 de xuño de 2003 tras a sinatura do convenio de colaboración entre o Excelentísimo Concello de Lugo e Cruz Vermella Española en Lugo co fin de favorecer a integración das persoas inmigrantes retornadas, creando un recurso que permita aloxamento temporal ao mesmo tempo que a atención integral da persoa.

Nestes últimos tempos temos atopamos cinha nova realidade a distintos niveis (social, económico, migratorio...) nos que se produciu un cambio no perfil das persoas en situación de "Senfogarismo" e considerouse necesario que o recurso formase parte dos servizos ofrecidos dende o Programa de Atención Integral a Persoas sen Fogar, como un recurso de media estadia que dota aos usuarios das competencias e habilidades adquiridas de cara á busca activa de emprego, unha estabilidade residencial que facilite esta transición cara á integración

Persoas destinatarias:

Persoas sen fogar que pasaron por outras alternativas habitacionais e presenten algún grao de compromiso persoal no seu proceso, en situación de busca de emprego, pendentes de trámites administrativos para a obtención da documentación, persoas que accedan ao mercado laboral e necesiten un período de transición, outras situacións cuxo proceso persoal require acomodo destas características:

Prestacións:

- Prestacións básicas

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refº: ispac8801313674913930687.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-10-2023

Aloxamento e manutención, dando resposta tamén a calquera outra necesidade derivada da situación persoal de cada usuario: medicación, vestiario, transporte...

- Prestacións complementarias

A permanencia do piso enmárcase nun Proxecto de Intervención Individualizada que contemplará un itinerario de inclusión no que se ofrecen as actuacións complementarias necesarias para favorecer o cumprimento do itinerario, entre as que destacan as seguintes:

- Información e asesoramento
- Axuda á procura de emprego
- Asesoramento xurídico
- Acompañamento na realización de trámites
- Acompañamento médico
- Xestión da documentación: empadramento, tarxeta sanitaria, tarxeta de residencia...
- Apoio e asistencia psicolóxica
- Obradoiros e formación para a adquisición de diferentes competencias dirixidas á busca de emprego.

Obxectivos.

-Posibilitar unha atención integral que comece por ter cubertas as necesidades básicas.

- Dotar aos usuarios das ferramentas necesarias para a súa autonomía persoal.
- Evitar, nalgúns casos, problemas de infravivenda e de masificación.

Recursos humanos:

Un traballador social

Recursos materiais:

Piso de transición para persoas sen fogar. Camiño da Roca portal número 3, planta 2ªC. Código Postal: 27003. Lugo.

Ocupación:

A estadía máxima para residir no piso de acollida está estipulada en tres meses e poderá prorrogarse se a situación así o require.

Lugar do recurso:

Piso de transición

Camiño da Roca portal número 3, planta 2ºC. Código Postal: 27003. Lugo.

B)-ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS PARA PERSOAS SEN FOGAR: PROXECTO DE ATENCIÓN INTEGRAL A PERSOAS SEN FOGAR.

O proxecto de “Atención integral a persoas sen fogar”, está orientado principalmente á redución de danos e á axeitada xestión de riscos que enfrontan diariamente as persoas sen fogar.

As actuacións definidas no proxecto “Atención integral das persoas sen fogar” contempla unha intervención integral, favorecendo a cobertura das necesidades básicas e de urxente necesidade (alimentación, hixiene...), facilitando distintas alternativas que permitan diminuír a súa estancia na rúa (aloxamento en albergues, audas para aloxamento, etc) fomentando accións de promoción da saúde e autocoidados, así como potenciando o restablecemento da súa rede familiar e/ ou social para que permita vencer o illamento social que lles rodea.

Estas intervencións desenvólvense tanto no local como na propia rúa e con dispositivos móbiles (Unidades de emerxencia social UES), que semanalmente realizan o seu itinerario nas distintas zonas nas que se atopan as persoas sen fogar.

As Unidades de Emerxencia Social (UES) tratase dun recurso/servizo/dispositivo, que ofrece atención directa e asistencial socio-sanitaria ás persoas sen fogar, así como a atención a outros grupos de extrema vulnerabilidade que se atopan en situación de rúa, esta atención soico-sanitaria é realizada por profesionais (traballadores e persoal voluntario), en horario de tarde-noite, pola mañá e semanalmente, nas distintas zonas nas que se atopan as persoas sen fogar.

B1) OBXECTIVOS:

Obxectivos xerais:

Reducir os factores que provocan a situación de exclusión social extrema das persoas sen fogar.

Obxectivos específicos:

1º) Mellorar a cobertura das necesidades básicas.

Actividades:

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refº: ispac8801313674913930687.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-10-2023

- Sistema de detección de casos de mendicidade por medio do grupo de rúa.
- Informar, orientar e asesorar sobre o acceso aos recursos e servizos comunitarios.
- Tramitación e asesoramento do ingreso mínimo vital (IMV) mediante a coordinación co Instituto da seguridade social.
- Acompñar na realización de xestións de acceso a servizos: servizos sociais de atención primaria, seguridade social , servizos de emprego.
- Mediar para facilitar o acceso a servizos comunitarios.
- Entrega de kits de hixiene e pernoita.
- Servizo de almorzo e merenda.
- Servizo de lavandería
- Servizo de duchas.
- Apoio para a obtención de documentación administrativa.
- Pago de billetes de xustificada necesidade.
- Xestión de acceso a recursos sociais: rouperio, comedor social, Fogar do Transeúnte, aloxamento, servizos sociais de atención primaria.
- Realizar seguimento social.

2º) Mellorar a saúde das persoas sen fogar, con especial atención ao benestar emocional e saúde mental.

Actividades:

- Intervención socioeducativa e motivacional que incida nun mellor coidado da saúde.
- Informar, orientar e asesorar no ámbito da mellora da saúde.
- Motivar e acompañar no proceso de inicios de tratamento de patoloxías mentais, adiccións e outras patoloxías non abordadas polos usuarios.
- Acompañar a servizos sanitarios.
- Movilizar aos usuarios a recursos sanitarios.
- Mediar cos profesionais da saúde para mellorar a adherencia a tratamentos dos usuarios.
- Actividades de educación para a saúde.
- Intervencións psicolóxicas.
- Pago de medicacións.
- Actividades de ocio e convivencia saudables.
- Actividades de terapia ocupacional.
- Brindar espazo de respiro para diminuír o tempo de permanencia na rúa.
- Supervisión sanitaria básica.
- Servizo de enfermería.

3º) Apoiar na búsqueda de alternativas residenciais.

Actividades:

- Informar, orientar e asesorar sobre alternativas residenciais e acceso a vivienda.
- Pago de aloxamentos temporais.
- aloxamnto temporal en vivenda supervisada.
- Seguimento das melloras reisdenciais e apoio no seu mantemento.

4º) Potenciar procesos de inclusión e participación social

Actividades:

- Orientación e acompañamento na regularización administrativa
- Informar, orientar e asesorar sobre recursos de acceso ao emprego.
- Actividades e búsqueda activa de emprego.
- Facilitar o acceso a comunicación telefónica e internet.
- Derivación a recursos formativos e de apoio ao emprego de Cruz Vermella e de recursos externos.
- Actividades formativas pre-laborais para a adquisición de habilidades, destrezas e hábitos.
- Restablecemento de lazos familiares.
- Realización de actividades lúdicas, de esparcemento e convivencia.
- Acompañar a participación en actividades culturais e recreativas da comunidade.
- Préstamo de libros.
- Capacitación dixital: uso de redes, acceso a información dixital, informática básica, manexo de aparatos electrónicos.
- Potenciar o traballo coordinado en rede dos diferentes actores sociais implicados na atención ás persoas sen fogar.
- Realizar actividades de coordinación e diplomacia humanitaria con entidades e administracións públicas sobre as dificultades de acceso aos recursos sanitarios por parte das persoas sen fogar (PSF)

B.2) RECURSOS HUMÁNS:

Dúas educadoras sociais
Un psicólogo
Un traballador social.
Unha terapeuta ocupacional
Unha enfermeira
Coordinadora do programa (psicóloga).

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refº: ispac8801313674913930687.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-10-2023

Para dar resposta ás persoas sen fogar, Cruz Roja subcontrata con Alume Saúde Mental, G-27198977, as actuacións a realizar coas persoas sen fogar con **trastorno mental severo** no Concello de Lugo ao longo do ano 2023. Esta entidade conta cun **equipo de rúa**, formado por unha educadora social, unha traballadora social e unha coordinadora do programa. Trátase dun programa conxunto pero con actuacións diferenciadas para evitar duplicidades e rendabilizar recursos.

Persoas destinatarias: 250 persoas (80% homes e 20% mulleres).

Recursos materiais.

-Local do proxecto de atención integral a persoas sen fogar na sede da Oficina Provincial de Cruz Roja Española en Lugo. Local equipado para a preparación e servizo de almorzo e merendas. Sala para a realización de actividades comunitarias de ocio e formativas, despacho para a atención individualizada dos usuarios, servizo para aseo persoal e lavado de roupa, sala de informática, televisión e desanso.

-Unidades de emerxencia social (UES) itinerantes polas rúas de Lugo.

Calendario: Anual.

-Á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.

-Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ó abeiro deste convenio.

-Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).

-Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.

-Cumprir coas obrigas de difusión contidas na Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA-Crédito orzamentario.

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará, do orzamento municipal para o ano 2023, a cantidade de 80.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

CUARTA-Gastos subvencionables e prazo de realización.

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade a entidade beneficiaria deberá xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria ou procedentes de subvencións públicas ou privadas.

Non se poderá solicitar subvención por un importe superior ao 90% do custo total da acción para a que se solicita a subvención, segundo o orzamento presentado, xa que o 10 % restante é de obrigada asunción pola entidade e pode ser subvencionado por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan indubitadamente á natureza da actividade subvencionada e sexan estrictamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural. En particular serán admitidos como tales os derivados das actividades propias do persoa beneficiaria ou da realización do proxecto ou actividade concreta, dacordo coa documentación achegada, como poden ser gastos de persoal, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural non inventariable, publicidade, gastos por subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto estricto da subvención.

Só se admitirá en gastos de persoal unha xustificación como máximo do 40% do importe da subvención por programas.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención, o material inventariable, as celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, **gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde, gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais nin gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso terá esta consideración a organización de comidas, *catering* ou ceas).**

O prazo de realización da actividade será o do exercicio 2023 e terá a consideración de gastos subvencionables unicamente aqueles que tiveran sido aboados dentro do prazo de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural. Excepcionalmente, por causas da data de devengo, poderán aceptarse

como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remisión a Intervención da documentación xustificativa da subvención, aos efectos da súa fiscalización.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo elo tendo en conta o sinalado nos artigos 29 da lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do Sector público para o contrato menor, o persoa beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención.

CRUZ ROJA presenta, neste contexto e para o desenvolvemento do proxecto de actuacións específicas co colectivo de transeúntes e persoas sen fogar e con trastorno mental severo tres ofertas de tres provedores diferentes: Alume Saúde Mental por importe de 24.416,00 €; Saúde Mental Feafes Galicia por importe de 26.000 € e Fudace por importe de 25.000 €.

Cruz Roja selecciona á Alume Saúde Mental para o desenvolvemento conxunto do dito proxecto por ser esta entidade a que presenta a oferta económica máis baixa.

QUINTA-Execución do convenio e pagamento da subvención.

Con carácter xeral non se asumen pagos anticipados podendo a persoa beneficiaria acadar o financiamento necesario polos medios que crea convintes para o desenvolvemento da actividade. Cando xustificadamente, polo volume económico da actividade subvencionada se proceda á realización dun pago anticipado, será condición obrigatoria que a persoa beneficiaria aporte garantía pola totalidade da contía do dito pago con anterioridade á efectividade do mesmo, por calquera dos medios previstos no artigo 108.1 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo perceptor da subvención.

SEXTA-Xustificación da subvención.

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, a entidade beneficiaria deberá presentar, a documentación acreditativa da realización do antedito programa, a dita documentación presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por medios electrónicos**, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal.

As xustificacións deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (imprescindible relación de gastos e ingresos), así **como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada. No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberán especificarse os usuarios, motivo e lugar e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e co beneficiario da subvención, ademais de documentación adicional que permita a identificación do vehículo así como a súa titularidade pola Entidade.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

Tendo en conta que os proxectos subvencionables están individualizados con contías distintas, a entidade beneficiaria estará obrigada a presentar conta xustificativa individualizada por cada un dos programas financiados: proxecto de actuacións con persoas sen fogar (73.500€) e piso de acollida para persoas sen fogar (6.500€).

As facturas deberán conter un desglose dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos. Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

a) Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.

Segundo o disposto no artigo 18 da lei 11/2021, de 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal que establece que “non poderán pagarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervintes actúe en calidade de empresario ou profesional, cun importe igual ou superior a 1.000€ ou o seu contravalor en moeda estranxeira.”

a) Copia do cheque emitido a nome do provedor que emite a factura.

b) Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termo “recibín en efectivo”, o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro. Admitíranse os “tiques de caixa” para importes inferiores a 50 euros.

c) Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma.

- d) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificarase co recibo de Liquidación de Cotizacións TC1 co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade coma nos casos de contías satisfeitas para indemnizar dos gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado.

- c) O cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable substituirá á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

- d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da **mesma** finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a aportación de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

- e) Declaración responsable, acreditativa de:

-Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

